
LA TABLA REDONDA

ANUARIO DE ESTUDIOS TORRENTINOS

Gonzalo Torrente Ballester
y
la contrucción de la historia de la literatura española

ed. Manuel Ángel Candelas Colodrón

Índice

<i>Prólogo</i>	9
MANUEL ÁNGEL CANDELAS COLODRÓN	
<i>Entre Weimar e Albany. Programa e procesos de Torrente Ballester como historiador da literatura</i>	13
ARTURO CASAS	
<i>Torrente y Menéndez; Ballester y Pelayo: una alabanza y un lamento</i>	33
BORJA RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ	
<i>Miguel de Unamuno visto por Torrente Ballester</i>	43
FRANCISCO GUTIÉRREZ CARBAJO	
<i>Pérez Galdós según Torrente Ballester</i>	53
DOLORES TRONCOSO DURÁN	
<i>Lectura de La Regenta por Gonzalo Torrente Ballester</i>	69
MARÍA DEL CARMEN BOBES NAVES.....	
Reseñas	89
Noticias	113

Entre Weimar e Albany. Programa e procesos de Torrente Ballester como historiador da literatura

Arturo Casas

Universidade de Santiago de Compostela

*A historia é unha construción poética*¹.
GTB, 1983.

Resumo: En Torrente Ballester foi persistente a dedicación historiográfica e o interese por repensar a historia como rede de acontecementos e relatos. A combinación de claves míticas e históricas, típica da súa obra ficcional, aparece tamén na súa produción historiográfico-literaria. Neste caso, cunha perceptíbel incorporación de apoio crítico e polemista. E asemade con atención ao debate identitario e aos conflitos por este xerado en individuos, grupos e nacións. Tras a Guerra Civil, o seu programa como pensador da historia (literaria) cambiou en profundidade, adaptándose axiña á nova situación. En primeiro lugar, pola perda de influencia do ideario falanxista, que abrazara en proximidade coas propostas de Giménez Caballero en *Arte y Estado*. En segundo termo, polo propio proceso persoal de Torrente, polo seu desencanto coa administración cultural e política da vitoria franquista. Como historiador literario e mesmo como teórico da historia, o seu pensamento e os seus xuízos críticos xiraron dunha concepción tradicionalista e propagandística da Historia cara a un relativismo antihistoricista, receptivo ao debate posmoderno sobre a verdade histórica e sobre a súa postulación en forma narrativa.

Palabras clave: concepto e metodoloxía da Historia, exilio, Falange, Giménez Caballero, Historia literaria, proceso ideolóxico de Torrente, posguerra.

Abstract: Torrente Ballester had a lifelong dedication to historiography and was concerned with the ways in which history can be rethought as a network of events and narratives. The combination of mythical and historical clues, typical of his fictional work, appears also in his production as a literary historian. In the latter case, he makes considerable use of critical and controversial references, while paying attention to identity debates and their associated conflicts regarding individuals, groups and nations. His agenda as a thinker of (literary) history changed deeply and soon adapted itself to the new circumstances after the end of the Spanish Civil War. First, due to the loss of influence of Falange ideology, which he had embraced in proximity with the ideals of Giménez Caballero in *Arte y Estado*. Second, because of his own personal development and his disenchantment with the cultural and political administration of Franco's victory. As a literary historian and even as a theorist of history, his thinking and critical judgments turned from a traditionalist and propagandist conception of history to an antihistoricist relativism, receptive to the postmodern debate about historical truth and its rendering in narrative form.

Key Words: concept and methodology of History, exile, Falange, Giménez Caballero, Literary History, Torrente ideological process, Spanish Post-war.

¹ Extraído de declaracións a Carlos G. Reigosa no contexto dunha pregunta sobre a dedicación profesional de Torrente Ballester e sobre a incidencia dos mitos na comprensión dos acontecementos históricos. O entrevistador preguntara ao novelista se a Historia non é unha especie de burla. A resposta completa foi a seguinte: “Naturalmente que non, a consecuencia que se saca de *La isla de los jacintos cortados* é que a historia é unha construción poética” (Reigosa 1983: 215).

Ficcións á marxe, ou non tan á marxe, o longo traxecto profesional de Gonzalo Torrente Ballester tivo un fío condutor principal na Historia. Titulado en 1935 nesta especialidade pola Universidade de Santiago de Compostela, foi durante uns meses profesor auxiliar de Historia Antiga na mesma institución e viaxou a París en 1936 con idea de recadar documentos e bibliografía para escribir unha tese de doutoramento nese campo. A estada foi breve, só dous meses, debido ao estalido da Guerra Civil e á decisión do xove profesor de regresar a Galicia e continuar desempeñando tarefas docentes na Universidade. Posteriormente e durante quince anos, entre 1947 e 1962, exerceu como profesor de Historia Universal na Escuela de Guerra Naval de Madrid. As súas responsabilidades como catedrático de Instituto na materia de Literatura española en tres etapas da súa vida (1939-1947, 1964-1966 e 1970-1980) e o propio sexenio discontinuo que abriu en 1966 como profesor da mesma especialidade na State University of New York en Albany non supuxeron un afastamento da Historia como disciplina, habida conta do nesgo habitual dos currículos asociados, tanto no ensino superior coma no secundario. De modo que, con independencia do compromiso máis ou menos historicista de cada momento e das tendencias epistemolóxica e metodolóxica no exercicio da docencia de contidos históricos de diversa índole, Torrente Ballester nunca deixou de ter o deber de pensar a Historia nin o de ter que considerar cómo formar aos seus estudantes en disciplinas de base historiográfica. Con probabilidade, a carón da actividade como crítico literario e sobre todo teatral —con absoluta certeza, influente na súa actividade e produción como historiador da literatura—, non existiu outra faceta da súa dedicación profesional máis relevante en termos de conformación dunha personalidade intelectual, entendida esta nun sentido amplo que por suposto abrangue o oficio de narrar ou de inventar historias. Malia o anterior, son escasos os traballos publicados sobre Torrente como historiador da literatura. Na atención que este mesmo anuario prestou hai pouco aos *outros Torrente* (Gil González 2008), abríronse algunhas vías de análise que complementan outras achegas, en todo caso recentes, entre as que é obrigado mencionar o estudo de Carmen Becerra (2003) sobre *La Princesa durmiente va a la escuela*.

O que este artigo pretende é simple. Tratará de dar continuidade a esa clase de investigacións e buscará abrir algúns marcos de debate novos nos que cobrará algunha importancia a evolución ideolóxica de Torrente e a incidencia disto no seu labor de estudioso da Historia ou mesmo de teórico da Historia. Entre Weimar e Albany non porque eses lugares representen nada definitivo na súa biografía intelectual ou na súa formación como historiador, pero si porque son nalgunha medida as dúas curvas da paréntese que explica unha complexa peripecia persoal entre fascismo e posmodernidade, entre a Historia en estado sólido e a Historia como líquido inapreixábel e acaso indiscerníbel. Neste terreo haberá ocasión de percibir algunha faciana máis do que noutra ocasión igualmente recente se apelou, sempre a propósito do escritor ferrolán, como *identidades movedizas*, fundamento claro da poética narrativa torrentina (Becerra e Guyard 2008) e acaso tamén da autopercepción do autor como ser humano e como suxeito histórico unha vez superada a xeira como un dos ideólogos culturais do fascismo na súa formulación hispana. O propósito de partida é así non perdermos nunca de vista eses *outros Torrente*, evitar en suma que ningún Torrente oculte ningún Torrente, entendida a fórmula tamén no sentido cronolóxico.

A este propósito non serán tan irrelevantes algunhas precisións. A primeira é esta: ningún traballo crítico (xa antes, ningunha lectura) se configura desde unha *nada*

teórica, epistemolóxica, ideolóxica... previa. Segunda: este non é un traballo dun especialista en Torrente, e desta condición dependerán sen dúbida lagoas ou ausencias de matización en datos que sería improbable atopar nos escritos dun experto². Finalmente, permítaseme indicalo así, o traballo asume o propósito de evitar un xuízo moral sobre quen sen dúbida militou no fascismo, pero isto en ningún caso equivale á suspensión dunha análise política e histórico-cultural nin ao esquezo dunha serie de feitos relevantes cando se analiza o *programa* dun historiador en canto tal, por tanto non en canto fabulador ou inventor de historias. En realidade, este que presento é un traballo vinculado a unha serie anterior de indagacións sobre outros asuntos. En concreto, sobre os problemas e os métodos da Historia (tamén da literaria) tras a crise á que a disciplina foi conducida polo positivismo. É tamén a outra serie de publicacións, a vinculada co estudo do exilio republicano no plano da intervención literaria, cultural e política dos considerados intelectuais. Sen reserva ningunha, Torrente Ballester como historiador da literatura interesa a unha e outra series, ás dúas que se veñen de indicar, e el mesmo é con toda claridade unha personalidade afectada pola crise mencionada da Historia³ e de todas as disciplinas subsidiarias dela, incluída a Historia literaria. Tanto é así que case se podería aventurar a tese de que a evolución da súa posición como narrador de historias e construtor de tramas foi resultado do mesmo proceso que o conduciu de escribir un prólogo como o da súa *Literatura española contemporánea*, de 1949, a redactar trinta e cinco anos despois o que precede á *Historia de la literatura española* de Gerald Brenan, moi crítico co positivismo acomodaticio e relativamente concordante coa axenda aberta pola *nouvelle histoire* ou

² Sen necesidade de acudir ás propostas foucaultianas sobre a *función-autor*, tamén é certo que con algunha frecuencia os traballos dos especialistas nun autor propenden a localizar elementos de continuidade e coherencia na súa traxectoria literaria, fixando nese asunto ás veces un obxectivo prioritario. O traballo que presento non participa desa perspectiva, se ben tampouco se desentende da tradición crítica asociada. A opción en todo caso é estudar as funcións asumidas por Torrente Ballester como intelectual que interveu na esfera pública nas sucesivas coordenadas históricas da Guerra Civil e da posguerra. Investigar nese ámbito que Carmen Becerra (2003: 55) reconece como “poco estudiado y mal entendido”. Aínda que, a diferenza do postulado nese mesmo lugar pola especialista no narrador, creo que habería que lelo tendo en consideración en todo momento “su pertenencia oficial a un grupo, por tanto a una posición política e ideológica”. É dicir, lelo de xeito inverso ao propugnado nese lugar por Becerra. Facelo, moi en particular, cando se analice a produción non ficcional do escritor e intelectual. E facelo ademais asumindo de vez a súa maioría de idade e a súa responsabilidade na esfera pública a partir da súa incorporación á mesma, que desde logo tivo lugar bastante antes de 1936. Neste mesmo sentido, falar de “aquel *hombre-niño* de veintiséis años que vuelve de París en 1936” (Gil González 2008: VII) non parece o mellor camiño para clarificar o proceso ideolóxico de Torrente Ballester nin nada que teña que ver coa Guerra Civil e as súas consecuencias. Expresarei tamén aquí o meu desacordo con calquera etiqueta ideolóxica que pretenda ter validez para a toda a vida do autor, non digamos se se pretende aplicar, co sentido que sexa, á súa obra ficcional. Por ser máis explícito: que sentido pode ter citar en *Historia de la literatura fascista española* —segundo fai Rodríguez Puértolas (2008: II, 676)— un relato para público infantil como *Doménica* (1999), de publicación póstuma, ou outras novelas da longuísima etapa posfascista de Torrente?

³ En *Guardo la voz, cedo la palabra*, o libro de conversas de Carmen Becerra con Torrente localízase este momento, coa observación da entrevistadora (en cursiva) seguida da resposta do escritor:

—*Si es así, eso tendría una explicación biográfica: tú te has interesado por la historia personal y profesionalmente.*

—Sí, sí, he tenido un cultivo de la historia. Y además me hago un problema de la historia: puede existir, no puede existir; es legítima, no es legítima; se puede saber cómo es el pasado, no se puede; son grandes entidades que luchan o son personas que luchan y dan lugar a grandes entidades... (Becerra 1990: 107).

por revistas como a oxoniense e marxista *Past and Present* e, en xeral, coa problematización que se abre ao pensar a textualidade/discursividade da historia. E noutro plano, aínda tamén do proceso que o conduciu de escribir en 1937 en *Jerarquía* —a autoproclamada *revista negra* de Falange— un texto histórico-programático a presentar corenta anos despois, como limiar á obra de Fernando Sánchez Dragó *Gárgoris y Habidís*, un alegato relativista sobre as posibilidades de que a Historia se constituía desde a imaxinación como disciplina poética; e por tanto tamén retórica, podería dicirse co Hayden White de *Metahistory* ou de *Tropics of Discourse*⁴. E non se esqueza todo o que o concepto de *imaxinación* representa no pensamento intelectual, político e incluso moral do Torrente maduro. En particular do que presupuxo cando se aplicou sobre a identidade española, sobre a literatura española como totalidade histórica ou sobre a súa propia traxectoria como escritor permanentemente *fracasado*⁵. Entre a doutrina exposta en *Jerarquía* e o relativismo asociábel ao xiro retórico-pragmático que na atención á discursividade da historia se localiza nas propostas de Hayden White ou Cornelius Castoriadis (Sevilla 2000: 140-159), e se materializa ao seu xeito no limiar a Sánchez Dragó, sitúase non só a evolución intelectual de Torrente. Sitúase tamén, con certezas máis que biográficas (apoio aos mineiros asturianos represaliados en 1962, perda conseguinte do seu posto docente na Escola de Guerra Naval, asociación co *contubernio* de Múnic, a guerra de Vietnam...), o paso polos campus norteamericanos e a probábel atención alí prestada a fenómenos tan relevantes como o agromar de revistas da clase de *New Literary History* a finais dos anos sesenta.

En sentido estrito, a produción historiográfico-literaria de Torrente consiste nun único libro que experimentou peripecias editoriais variadas. O titulado *Literatura española contemporánea (1898-1936)*, publicado pola editorial de Afrodísio Aguado en 1949. Con todo, existen outros textos de interese certo cando se trata dun asunto como este: parte da produción crítica do autor (Torrente Ballester 1957, 1982 e 1984b como mínimo), parte da súa produción programática da cultura nacional cando esta existiu (Torrente Ballester 1937), algo da súa especialísima produción como diarista (Torrente Ballester 1984c) e algúns dos limiares por el escritos para volumes de natureza historiográfica, en particular dous, decisivos para entender o que aquí se argumentará (Torrente Ballester 1978 e 1984). Evidentemente, estas catro seccións son

⁴ Non debiera sorprender a ningún coñecedor de Torrente a seguinte observación. No limiar ao libro de Gerald Brenan que se acaba de citar hai momentos nos que o prologuista semella estar respondendo a Michel Foucault, a Hayden White, a Paul Ricoeur ou a Michel de Certeau (e xa desde a primeira frase do prólogo!), aínda que os seus nomes desde logo nunca saen expresamente mencionados. Tampouco sae o nome de Chesterton nun lugar tan pouco británico como o proemio ao libro *Siete ensayos y una farsa*, o libro dedicado a Jesús Suevos e ao seu irmán Luis, coñecidos falanxistas ferroláns cos que o escritor estaba en débeda. E porén alí está, semiescondida, unha cita do escritor inglés que explica algo das concepcións torrentinas sobre a vida e sobre a poética do relato (Torrente Ballester 1942: 15). No limiar a Brenan, a propósito das referencias que se acaban de facer a White, localízase esta frase, seguida da pertinente argumentación: “Entre el historiador y el novelista existen hondas coincidencias. ¿No son idénticas una actividad y otra, si sustituimos la *inventio* por la *investigatio*? Hay otra diferencia, claro: el historiador cree trabajar con materiales no ficticios; el novelista sabe que los suyos lo son” (Torrente Ballester 1984: 11).

⁵ Alúdese á insistencia coa que Torrente menciona a decepción que lle ocasionou case sempre a insatisfactoria e escasa recepción da súa obra, ou mesmo da súa poética. A produción paratextual do autor é en xeral de moito interese. El mesmo confesou en máis dun lugar, por exemplo nos limiares a *La Princesa durmiente va a la escuela* ou á segunda edición de *Teatro español contemporáneo*, unha querenza especial por esta clase textual, así como un xeito particular de afrontala en tanto experiencia de escritura.

susceptíbeis de ampliación, como tamén o é dentro de cada unha delas o conxunto de textos que cabería referir de xeito expreso. A idea deste traballo, segundo xa se dixo, é apenas esquematizar unha vía de aproximación ao Torrente historiador da literatura. De aí as limitacións. De aí, en particular, que non se atenda unha obra da relevancia de *Teatro español contemporáneo*, que o autor postulaba na segunda edición (1968: 24) como unha “forma accesoria da Historia literaria” e que Manuel Á. Candelas Colodrón (en Gil González 2008: 39-48) calibrou con razón como “fundamental en la construcción de la historia literaria dramática del siglo XX” (41).

Antes de dar paso ao apuntamento de análise que aquí se vai emprender, hai que deterse e botar unha ollada ás datas e referencias introducidas, que van de 1937 a 1984. Complementémolas no entanto cunha máis: segundo o anunciado, o libro central da produción de Torrente como historiador da literatura española coñeceu episodios de certa complexidade. Abonde con anotar que ese proceso rematou en 1968 coa quinta edición do que a partir de 1956 saíu co título de *Panorama de la literatura española contemporánea* e que tivo derivacións en forma de resumos como o da súa colaboración no volume publicado polo Instituto de Estudios Políticos en 1961 baixo o epígrafe *El nuevo Estado español. Veinticinco años de Movimiento Nacional (1936-1961)*, prologado por Solís Ruiz e precedido por un “Mensaje a las Cortes”, no que o xeneral Franco perseveraba aínda con tosca facundia na idea de Cruzada, “la epopeya más gloriosa de nuestra historia” (10). Neste volume a colaboración de Torrente levaba o título de “La literatura española”. Máis adiante dirase algo sobre ela.

Na antoloxía *Falange y literatura*, alén de compilar páxinas do texto publicado por Torrente na revista navarra *Jerarquía* en 1937 e tamén algunhas outras da novela de 1943 *Javier Mariño*, José-Carlos Mainer fixo unha observación que non pasa desapercibida. Sinala en *Literatura española contemporánea* unha especie de lectura xeracional sobre o pasado literario español. Sobre o pasado inmediato, pois debe lembrarse que a primeira achega do autor neste terreo partía dunha revisión do romanticismo europeo e da literatura da Restauración española. É suxestiva esa nota, esa indicación de que no libro de Torrente figuran expostas “las ideas de su generación sobre la literatura” (Mainer 1971: 299), entendido seguramente o posesivo por restricción non só cronolóxica senón ademais ideolóxica: *su generación* significa neste contexto a promoción de escritores que chegando á Guerra Civil cuns 25 anos de idade tomaron partido polo bando dito *nacional*.

Na biografía intelectual de Torrente segue permanecendo insuficientemente claro o acontecido entre o 18 de xullo de 1936 e o momento no que, en consonancia co resolto por varios outros escritores do coñecido como Grupo de Burgos, se afasta do programa político aplicado polas autoridades franquistas e da súa administración cultural da vitoria, algo que ocorreu durante o primeiro lustro dos anos corenta⁶. Fálase

⁶ Torrente reconeceuse vinculado co Grupo de Burgos incluso rematada a ditadura. Non creo carente de significación que na páxina web oficial do escritor —protexida polos dereitos dos seus herdeiros e por tanto cabe pensar que supervisada tamén por eles—, entre os escasos fondos fotográficos exhibidos, se atope unha fotografía de 1973 na que aparece en compañía de Luis Felipe Vivanco, Luis Rosales, Rodrigo Uría, Dionisio Ridruejo, Pedro Laín Entralgo e Antonio Tovar. Outra foto da galería con interese informativo é a do claustro de profesores da Escuela de Guerra Naval en

de biografía intelectual pero podería restarse o adxectivo para deixar mundo o substantivo⁷. O que aquí importa, en todo caso, é o que incidiu de forma directa na configuración dun pensamento sobre a historia como *res gesta* e na concreción dun modelo para a Historia en tanto *narratio rerum gestarum*. En declaracións a Carmen Becerra o escritor foi bastante preciso nalgúns detalles en relación co seu cambio de rumbo ideolóxico apenas concluída a guerra. Noutros, non o foi tanto:

Mi evolución ideológica es muy anterior, viene del año 40 (está manifestada en la carta que leíste ayer) y hace crisis de grupo el año 42 (cuando destierran a Ridruejo, echan a Serrano Súñer y cuando la revista *Escorial* pasa a ser dirigida por otro señor), entonces yo ya tengo publicada *República Barataria*, cuyo manuscrito se lee en la revista *Escorial*. Pero no puedes homologar mi caso con el de mis compañeros de grupo. Yo llego un día de París y me encuentro con una situación en la que estoy en peligro, voy a ver a un fraile amigo y le digo: “oiga usted, ¿qué va a pasar conmigo?” y el hombre me dice: “espera”; este hombre me va a resolver la situación (porque yo no tengo derecho a dejarme matar, ni ganas; si fuera un héroe tampoco tendría derecho ya que tengo mujer e hijos). Así entro en el juego y soy fiel a él, pero no estoy en él de corazón. Pienso que hay unas posibilidades —que defiendo— (posibilidades que son, digamos, la parte izquierda de la Falange) que quedan derrotadas muy pronto y, entonces, ya mi actitud se va manifestando en mis obras. (Becerra 1990: 100-101)

Ese *outro señor* mencionado por Torrente como segundo director de *Escorial* era José María Alfaro Polanco. Dirixiu a revista con apoio en Luis Rosales a partir do número 27, de outubro de 1942, momento no que Ridruejo é confinado en Ronda. E momento tamén no que o propio Alfaro Polanco, Torrente Ballester e Giménez Caballero son comisionados polo Goberno de Franco para representar a España no II Congreso da Asociación de Escritores Europeos (Europäische Schriftsteller-Vereinigung), celebrado en Weimar en efecto entre os días 23 e 26 de outubro de 1942 (Bowen 2000: 146; Hausmann 2004). A Asociación fora auspiciada e controlada desde a súa fundación por Paul Joseph Goebbels, ministro de Propaganda e Información de Hitler desde 1933. Descoñezo que Torrente se referise a este congreso de escritores nalgún texto da súa produción⁸, se ben en lugares como “Currículum en cierto modo”

1956, na que é perceptible que a condición non militar de Torrente era excepcional no centro. Véxase <http://www.gonzalotorrenteballester.es>.

⁷ Existe un certo acordo entre os especialistas en que esas experiencias aparecen ficcionalizadas nunha serie de novelas nas que a acción ou transcorre naquel tempo histórico ou sinxelamente integra referencias ao mesmo. Tamén semella claro que por parte de Torrente houbo de sempre unha vontade orientada á promoción de lecturas alegorizantes, parabólicas ou crípticas dalgúns das súas novelas, *El golpe de estado de Guadalupe Limón* entre elas. Véxanse a respecto disto por exemplo os libros de entrevistas con Carlos G. Reigosa (1983) e Carmen Becerra (1990), onde aparece en diferentes momentos a idea dunha especie de alegorización novelesca (outras veces, diríase que case a dun *roman à clef*) dirixida á interpretación da realidade efectiva do momento desde os mitos. Algo parecido se ten dito sobre o resto de obras narrativas escritas antes de *El señor llega*.

⁸ Si o menciona Giménez Caballero en *Memorias de un dictador* (1979: 150-152), onde refire a súa estada en Weimar para asistir ao Congreso. Porén, non fai mencións relevantes sobre o mesmo alén da nota sobre a participación do comparatista italiano Arturo Farinelli e en especial da visita de Himmler e Rosenberg ao lugar no que se celebraban as sesións. En realidade, Giménez Caballero céntrase no seu contacto inicial coa esposa de Goebbels e nas consecuencias do mesmo: unha visita posterior, no mes de decembro e xa en Berlín. Nela, concretamente no transcurso dunha cea privada na residencia de Goebbels, alén de agasallar ao ministro de Hitler cun capote de toureiro, mantivo unha conversa reservada con Magda Goebbels coa pintoresca finalidade de refundar a dinastía hispano-austriaca a través do matrimonio do Führer e Pilar Primo de Rivera, delirio do que serían coñecedores activos nada menos que Pío XII e Franco e que a Sra. Goebbels frustrou aludindo a unha ferida de guerra de Hitler nos testículos. Giménez Caballero non menciona a Torrente ao longo das disparatadas páxinas que

aparece mencionada unha estadía en Weimar a propósito da emoción provocada por ter nas mans uns manuscritos de Rilke (1986: 28).

En consecuencia, aínda que só sexa en sucinto esquema, son necesarios algúns datos complementarios. En primeiro termo, a procedencia ideolóxica, cos precedentes da colaboración de Torrente en medios anarquistas⁹ e a súa tamén fugaz aproximación ao ideario galeguista. En segundo termo, de forma especial, a súa participación nunha serie de empresas de propaganda política e planificación cultural falanxista a partir de xaneiro de 1937: *El Pueblo Gallego*, *Amanecer*, *Arriba España*, *Jerarquía*, *Tajo*, *Arriba*, *Escorial...* (Gómez-Elegido Centeno 2009: 39-175). Quizais o que alcance maior relevancia nas mesmas no que atangue ao noso propósito actual sexa a determinación dun pensamento enraizado na pretendida revolución nacional-sindicalista, con lealdade política ben definida ao programa joseantoniano e atención ás directrices estéticas e propagandísticas formuladas por Giménez Caballero en *Arte y Estado* (1935).

No meu criterio, habería unha etapa¹⁰, de comezos de 1937 a finais de 1941, na que parecen indubidábeis ese compromiso e esas lealdades alén do recurso xustificatorio posterior ao medo ou á necesidade de redimirse por un pasado político non impecábel, etcétera. Isto non quere dicir que a partir de 1942 se produza un cambio radical ou de ruptura ideolóxica en Torrente, pero si que —segundo se constata ao ler por exemplo o limiar a *Siete ensayos y una farsa* (1942: 9-21), redactado en novembro de 1941— comeza a marcarse unha distancia con certos principios do sistema de coordenadas estético-políticas do totalitarismo antiliberal e do fascismo soñador de imperios, entre eles, de forma abondo apreciábel, os dous que se pasa a detallar.

En primeiro lugar, a lexitimación e naturalización das plurais formas de violencia que o falanxismo *puro* ou *teórico* viña postulando desde antes do 18 de xullo pero que reforzou no seu discurso sen ningunha clase de pudor e con absoluta impunidad a raíz desa data, a partir de certo momento coa colaboración non sei se entusiasta e ilusa ou só altisonante e cínica de Torrente Ballester. O dereito a exercer a violencia falanxista expónse en artigos como “La táctica de la revolución española”, que apareceu en

dedica a eses encontros, nas que tamén deixa anotada a súa percepción sobre a falta de convicción persoal de Goebbels e do propio Hitler na persecución dos xudeus. [Rematada a redacción deste artigo teño acceso, por deferencia de Carmen Becerra, a un artigo de Sergio Campos Cacho (2009) no que hai indicación sobre a existencia dunhas crónicas xornalísticas de Torrente en *Arriba* dando conta do desenvolvemento do Congreso]

⁹ Con críticas sobre cinema e teatro durante dous meses escasos, de decembro de 1930 a febreiro de 1931, na publicación madrileña *La Tierra*. Véxase a recente publicación de Gómez-Elegido Centeno (2009), onde a autora recolle as súas investigacións anteriores sobre o Torrente columnista e crítico xa a partir das colaboracións xuvenís en *El Carbayón* (a propósito das columnas críticas en *La Tierra*, véxanse as páxinas 28-35). En relación restrinxida á crítica teatral no diario *Arriba* (1941 e 1951-1962), con obvia incidencia no campo delimitado para este estudo, é fundamental Pérez Bowie (2006), quen escolmou unha ampla serie de textos críticos no xornal madrileño e na súa introdución chamou a atención lectora sobre aspectos relevantes para entender a visión torrentina da historia e incluso da historia como materia artística e poética. A idea de fondo da frase reproducida como lema deste traballo aparece de feito manifesta xa en 1958 a propósito da estrea da obra de Buero Vallejo *Un soñador para un pueblo*. Destácao Pérez Bowie (54-57) de xeito suficiente.

¹⁰ Constitúe o que Pérez Bowie (en Becerra e Guyard 2008: 140-143) denominou aínda con prevención eufemística “etapa integrista” de Torrente.

*Arriba España*¹¹ o 1 de outubro de 1937 e no que contrapón a violencia proletaria e marxista (desordenada, indiscriminada) á violencia nacional-sindicalista, acreditada segundo Torrente de “noble y alegre, exenta de rencor y venganza” (*apud* Gómez-Elegido Centeno 2009: 58).

En segundo lugar, o distanciamento con respecto ao estatalismo reductor da liberdade individual e do libre xuízo crítico, que nun artigo publicado en outubro de 1937 en *El Pueblo Gallego* concretara na frase “la necesaria sumisión personal al Estado como instrumento histórico nacional”, e, como contrapartida, a progresiva subordinación desa clave á consigna joseantoniana do home como portador de valores eternos (*apud* Gómez-Elegido Centeno 2009: 56), que o Grupo de Burgos e o propio Serrano Suñer leron e desenvolveron desde ben axiña como canle para facilitar a *integración nacional* de todos os republicanos susceptíbeis de rehabilitación (Antonio Machado entre os primeiros), segundo se plasmaría no outono de 1940 na presentación da revista *Escorial*.

Por suposto, todo o que se menciona ten repercusión na comprensión da historia por Torrente e ese *rescate* do que se fala se estendeu nel, igual que nos números da revista cando menos na súa primeira etapa, a máis dun artista ou escritor antifascista, vivo ou falecido. Alén disto, a referencia á historia está por todas partes nas súas columnas militantes, conxugada como adoito naquel tempo en tanto porvir imperial, esencialismo, grandeza, nova orde europea, clasicismo cristián, tradicionalismo trascendente, unión nacional-cultural, dirixismo estatal ou eternalismo suprahistórico. Pero talvez antes que todo isto comezaba contra aquel ano de 1942 a asunción certamente colectiva entre os membros do Grupo de Burgos de que o programa político propio, en definitiva a progresión cara un Estado fascista, era unha empresa da que debían ir despedíndose (Juliá 2004: 317-353)¹², ante todo pola emerxencia de novos axentes administrativo-gobernativos (militares, católicos, monárquicos), igualmente antiliberais pero tinxidos xa por credos de maior pragmatismo e con superior capacidade de adaptación ao calendario internacional, e tamén pola irrupción imparábel dun factor de control ideolóxico, a xerarquía da Igrexa Católica; uns e outros, en definitiva, os máis sólidos e firmes detentadores da cerna, da vertebración e da reticulación do Estado franquista.

Santos Juliá, en resposta entre outros textos ás memorias de Laín Entralgo e á “vana intención autojustificatoria que dominó al grupo desde finales de los años cincuenta” (2004: 323), reafirma tres aspectos que é fundamental non perder de vista: por unha banda, a incorporación voluntaria, fervorosa e *alegre* da totalidade dos

¹¹ O artigo reproducíuse tamén noutros medios controlados por Falange, como *El Pueblo Gallego*.

¹² De acordo con presupostos políticos e técnicos perfilados na teoría e na práctica por Giménez Caballero e por Goebbels en diferentes niveis, o acceso en xaneiro de 1938 de Serrano Suñer ao Ministerio do Interior activara considerabelmente o aparato de información e propaganda do novo Estado. Serrano incorporou ao seu equipo varios membros do Grupo de Burgos. A Dionisio Ridruejo na xefatura nacional de propaganda e posteriormente a Laín, xunto con algúns outros compañeiros e a participación de Torrente, no departamento de edicións do Estado, do que acabaría saíndo Editora Nacional. A Antonio Tovar reserváraselle a dirección da Radio Nacional e, a partir de decembro de 1940, a propia Subsecretaría de Prensa y Propaganda, funcións estas últimas das que antes do acceso de Serrano ao Ministerio se ocuparan Millán Astray, Giménez Caballero e Fermín Yzurdiaga, o crego navarro que codirixira en Pamplona con Ángel María Pascual a cabeceira falanxista *Arriba España* e a propia revista *Jerarquía*, da que saíu o núcleo de *Escorial*.

membros do Grupo de Burgos á causa falanxista e ao seu ideario pleno; por outra, a súa aspiración non lograda de liderar como núcleo intelectual desde *Escorial* a constitución do novo Estado como Estado fascista e de velar pola súa administración tras a vitoria e o asentamento do réxime a comezos dos anos 40; por último, antes da finalización da Segunda Guerra Mundial, a conciencia dun fracaso político individual e colectivo e a necesidade de entenderse e de reubicarse a si propios no contexto histórico da loita de intereses e idearios da primeira posguerra, o cal conduciría vinte ou trinta anos despois a máis dun integrante do grupo a unha auténtica reinvencción persoal en termos ideolóxicos e a trasladar —cara atrás— presuntos perfís social-cristiáns ou incluso social-demócratas dos que é posíbel que intimamente e nalgún caso chegasen a autoconvencerse. Desde unha perspectiva estética e ideolóxica que parte do estudo do libro *Arte y Estado* de Giménez Caballero e da presenza das súas ideas matrices no “Manifiesto Editorial” da revista, redactado por Ridruejo, Sultana Wahnón (1998: 105-139) chegara a conclusións moi próximas ás anteriores no que afecta de forma especial ao carácter non liberal e de feito fascista do proxecto de *Escorial*. Nunha perspectiva cronolóxica máis dilatada, observadora dos percorridos de grupo entre finais dos anos 30 e finais dos anos 40 e atenta así mesmo ás derivas individuais posteriores, esa vén ser tamén a posición de Jordi Gracia (2004). Naturalmente, poderían introducirse matices. En novembro de 1941, por exemplo, no limiar a *Siete ensayos y una farsa*, falando aparentemente da súa traxectoria intelectual, Torrente anotaba o seguinte:

Te confieso, lector, que esa es mi situación actual. Si miro hacia delante, me hace temblar el incierto futuro; pero si miro hacia atrás, el pasado me avergüenza. Mis últimos años me dan la impresión de quien caminara por la cuerda floja tranquilamente, sin percatarse de que a sus pies se abría un abismo. Milagrosamente he llegado a tierra firme, y el miedo que no tuve al arriesgarme lo tengo ahora al recordar (Torrente Ballester 1942: 14).

Con todo, a estimación de Juliá non parece impugnábel. Como tampouco estoutras palabras de Jordi Gracia: “A excepción de Ridruejo, casi todos los demás camaradas —Torrente, Laín, Tovar, Maravall, etcétera— contaron muy mal el modo en el que fueron dejando de ser fascistas” (Gracia 2004: 242). Na percepción de Gracia, Torrente podería servir mesmo “de modelo claro para el proceso de ocultación medida de un pasado” (243). Para concluír con este asunto, introduciré unha observación que como mínimo revela o peculiar do caso cando se fala do autor de *Off-side*. Quizais nunca falou tanto de si mesmo Torrente como cando decidiu facelo dos seus compañeiros de traxecto. En particular, de Ridruejo, en quen sinala o seu guía político; ou, en maior medida aínda, de Laín, en quen sinala o seu guía intelectual (Torrente Ballester 1997: 198). César Antonio Molina compilou traballos en prensa da autoría de Torrente en *Memoria de un inconformista* (1997, con columnas da etapa 1964-1967, procedentes de *Faro de Vigo*) e en *Torre del aire* (1992, con artigos procedentes do período 1975-1979 no suplemento “Informaciones de las letras y las artes” do diario *Informaciones*). Destacarei só tres moi significativos: “Se me murieron dos amigos” (1992: 61-62), “Recuerdos” (1992: 195-199) e “Lo que Laín no dice de sí mismo” (1997: 382-386). Neles reaparecen unha serie de anotacións recorrentes no autor. A idea do liberalismo de orixe, o cal non impide un recoñecemento da participación no

combate contra o mesmo, en particular na súa dimensión económica¹³; a nota de que se colaborou nunha serie de medios falanxistas durante a Guerra Civil e na posguerra foi, de entrada, por unha especie de aceptación acrítica da tutela de Ridruejo e Laín (“Que literariamente sea yo su criatura, está fuera de dudas”, 1992: 197) e porque precisaba manter unha familia; a convicción persoal de que mediados os anos 60 non chegara aínda o momento de contalo todo (entre outras razóns porque iso non interesaba á xente, en particular á xente nova) a pesar de haber “mucho que hablar” sobre a *frustración xeracional* do Grupo de Burgos (1992: 383), observacións estas que adoito conducen a unha especie de ton confidencial que desemboca na súa intención de algún día escribir el mesmo unhas memorias críticas e de testemuño (algo que talvez chegou a facer); e finalmente, dun modo máis sutil, unha falta de responsabilidade no que en termos digamos *civís* aconteceu en España durante a guerra e a primeira posguerra. De paso, Torrente reclámase, a título individual e como membro daquel grupo, non nacionalista, humanista, católico e decididamente aberto a Europa. E insiste con reiteración na homoxeneidade do núcleo de amigos e no feito de que os anos transcorridos non chegaron a causar disensións serias entre eles.

Nada do anterior anulou unha liña de continuidade na percepción histórica do pasado inmediato por parte de Torrente nin desquiciou unha axioloxía estética perfilada durante os anos bélicos. Na práctica, a mesma reclamada despois como apoio da súa construción historiográfico-literaria, cando menos na saída inicial en 1949¹⁴. Aínda que estimo que non supera a categoría de anécdota, obsérvase na perseverancia na apreciación de certos valores específicos atopados na escritura e na personalidade de José Antonio Primo de Rivera, segundo é constatábel nas páxinas que Torrente lle dedicaba en 1949 en *Literatura española contemporánea*. O vocabulario e a argumentación por el empregados a finais dos anos corenta para falar da relación de José Antonio coa cultura e as artes non pasan desapercibidos. Están en liña cos empregados por Ridruejo e outros membros do Grupo de Burgos na valoración comparada do que supuxo o falanxismo orixinal e do que supuxo despois a adaptación acomodaticia ao poder de numerosos camaradas —algúns deles *camisas viejas*— xa con Franco gobernando desde Madrid. E, de paso, estano tamén na comparación intelectual e moral entre José Antonio e o xeneral vitorioso. Con todo, os parágrafos escritos polo historiador Torrente en 1949, no marco do capítulo sétimo do seu libro (“Ensayistas y narradores”), traslocen que algunhas coordenadas do seu pensamento, incluída a relación entre cultura e Estado, non se moveran aínda en exceso naquela altura. No xuízo crítico sobre o articulista, orador e ensaísta Primo de Rivera subxace un programa cultural alternativo ao imposto polo réxime do xeneral Franco e, asemade, unha contestación a quen equiparase a figura de Primo de Rivera coa dun fascista prototípico:

No se le trae a colación [a Primo de Rivera] como literato, o ensayista, profesional. Las letras, en manos de José Antonio, fueron un instrumento, nunca un fin. [...] En todo momento, estos escritos de un *político*, concebidos con *política* finalidad, están transidos de esencias intelectuales. Perteneció José Antonio a la escasa casta de políticos para quienes el mundo de la inteligencia, de la *profecía* (según la terminología orteguiana), existe y cuenta. En este sentido es ejemplar su

¹³ Torrente publicara en 1939 un libro inequívoco, *Las ideas políticas modernas: el liberalismo* (Burgos, Editora Nacional).

¹⁴ Nos anos 60 algo disto perduraba aínda nos manuais que Torrente preparou para a materia *Educación Política*, do Bacharelato.

reconocimiento respetuoso de todos los valores espirituales, así como su evidente deseo de asentar una obra política en un sistema bien trabado de ideas claras, trascendentes a la política en sí. Todos los fenómenos culturales de su tiempo, aun los más extravagantes, fueron *comprendidos* y respetados por Primo de Rivera, que no fue, culturalmente, un nacionalista ni un xenófobo, menos todavía un partidario de las formas arcaizantes o difuntas cultivadas por quienes guardaban con su actitud política, algunos puntos de contacto. A este respecto nos importa recordar aquí su opinión sobre la pintura del comunista Picasso (consignada por Giménez Caballero en *Arte y Estado*), y aquella frase, en un discurso parlamentario, en que se manifiesta admirador de “la poesía francesa, la educación inglesa, la ciencia alemana y la política italiana” [...] Fue un español profundamente europeo (Torrente Ballester 1949: 390-391).

Nun plano igualmente necesario e complementario, tampouco se resentiu o intento de insistir no engarce daquel sistema de valores con determinadas propostas de Ortega asimiladas polo falanxismo nalgún momento denominado *liberal* e até *de esquerdas*¹⁵, incluso coa apertura social buscada no ámbito universitario de finais dos anos 40 polo SEU e os contactos posteriores con algúns marxistas (Gracia 1996). A conexión directa con referentes como Pedro Laín Entralgo, Serrano Suñer, Antonio Tovar e en especial Dionisio Ridruejo, coadxuvou a que en Torrente se reafirmase desde un momento difícil de precisar pero con certeza bastante temperán a vontade política antes mencionada de recuperar o valor do nacional como eixe aglutinador dunha proposta que Laín daría en caracterizar como *asuntiva*. E isto é o que explica algúns supostos paradoxos. Antes de velos hai que demorarse aínda noutros datos.

Un dos capítulos peor coñecido da biografía de Torrente Ballester é o relacionado cos nomeamentos e misións que recibiu de parte das novas autoridades nos primeiros anos 40 e incluso antes. O que aquí interesa é de novo unicamente o que ten algo que ver coas funcións que asume como propias un historiador literario: ordenar e interpretar unha tradición e á vez constituíla no seu discurso; postular un canon e asemade, como consecuencia, situar en segundo plano —ou excluír mesmo— outros autores, grupos e poéticas; facer converxer un sistema de valoracións críticas propias co desenvolvemento dunha serie de desenvolvementos históricos; investigar as relacións interliterarias con outras literaturas a propósito de temas, estilos, xéneros, de novo poéticas...

Torrente alcanzou en 1939 a súa cátedra de Instituto. Antes diso reingresara na Universidade de Santiago como profesor auxiliar temporal da Facultade de Filosofía e Letras e participara, segundo acaba de verse, en diversas tarefas publicistas de Falange. Da institución mencionada emanou o 5 de xaneiro de 1938 un nomeamento que en

¹⁵ A etiqueta comezara sendo pexorativa e de exclusión, aplicada desde a inimidade política. Pero acabou revalorizando aos seus destinatarios, a miúdo co seu propio beneplácito, xa antes da morte de Franco. Torrente foi un dos membros do Grupo de Burgos que aceptou de bo grao a marca do falanxismo liberal. Fíxoo xa nunha columna xornalística de 1965 en *Faro de Vigo* (Torrente Ballester 1997: 383-384), e con máis detalle nunha entrevista que tivo lugar en 1979 pero que permaneceu inédita até hai pouco (Alonso de los Ríos 2007: 156). Neste último lugar Torrente reafirmase: “Parece contradictorio hablar de falangismo liberal, pero en la realidad no lo era”. No libro de conversas con Reigosa (1983: 93-94), Torrente rexeita incluso unha adscrición del e do Grupo de Burgos á dereita política: “Nós non tiñamos mentalidade de dereitas. Pódese decir que non tiñamos unha mentalidade moi definida, pero desde logo sabíamos que non eramos de dereitas. E o que pasou foi que ganaron as dereitas, as deritas [*sic*] do *Ya*, as dereitas da *Acción Católica*, as dereitas do capital. Eso é o que pasou [...] Nós non vencemos nunca, insisto. Formabamos parte da sociedade victoriosa, pero non vencemos”.

ningún caso debe minusvalorarse, por moito que descoñecemos hoxe as consecuencias directas que tivo para Torrente e cómo este asumiu as funcións encomendadas. Era aquel un momento no que o autor manifestara xa por escrito de forma reiterada o seu apoio á violencia falanxista nas súas distintas fórmulas, expresado en medios como o xornal vigués *El Pueblo Gallego*. Pois ben, na data indicada, o Reitor Gil Casares, a proposta da Comisión Depuradora de Bibliotecas Públicas do distrito universitario galego, nomeou a Torrente Ballester auxiliar para a zona de Ferrol¹⁶. As Comisións Depuradoras foran creadas oficialmente en setembro do ano 1937, cando a maioría das bibliotecas públicas e privadas da zona controlada polo exército sublevado foran examinadas, expoliadas ou destruídas. Isto explica que en Galicia se sometesen a escrutinio a partir do outono de 1937 e até a finalización do labor da Comisión Depuradora a finais de xuño de 1938 apenas 260 bibliotecas, cando só as Misiones Pedagógicas republicanas crearan un número superior aos catro centenares, obxectivo prioritario este por certo dos rexistros emprendidos no ámbito escolar (Redondo Abal 2009: 81-115). O informe final da Comisión galega remitido ao Reitor polo seu presidente, Ciriaco Pérez Bustamante, decano da Facultade de Filosofía e Letras, recoñecía a inexistencia dunha parte importante das bibliotecas referenciadas para revisión no seu día, “incautadas por distintas autoridades” ou censuradas por párrocos, inspectores de educación e outros axentes do novo réxime (Redondo Abal 2009: 103-104).

Tampouco é menor cando se fala dunha biografía, e especificamente da que corresponde a un historiador literario, a misión que por probábel mandato de Serrano Suñer desempeñou Torrente preto do Dr. Goebbels, tanto en Weimar coma no París ocupado polo exército alemán¹⁷, isto último nun momento indeterminado, ignoro se antes ou despois do II Congreso da Asociación de Escritores Europeos celebrado en Weimar en outubro de 1942, aínda que cabe supoñer que máis ben antes¹⁸. O que si está claro é que en ambos casos Torrente acompañaba a Giménez Caballero, razón pola que resulta obvio que as conversas xirarían en torno a asuntos de control da información e de propaganda, pero quizais sobre todo arredor das propostas do propio Goebbels sobre unha nova literatura e cultura europeas e sobre o servizo que

¹⁶ Agradezo a Francisco X. Redondo Abal, bibliotecario na Universidade de Santiago de Compostela, as copias documentais do nomeamento.

¹⁷ Isto último, o encontro con Goebbels en París, coñécese pola entrevista xa citada que César Alonso de los Ríos fixo a Torrente en marzo de 1979 para o semanario *La Calle*. Por motivos insuficientemente aclarados (“la figura del escritor quedaba un tanto desangelada”, di Alonso de los Ríos, 153), a entrevista non chegou a saír naquel momento na publicación dirixida polo propio entrevistador.

¹⁸ A mención por Torrente, no comezo da entrevista citada, da súa sospeita de que Ridruejo puido estar detrás da decisión de envialo a París implica case necesariamente que a misión sería anterior a outubro de 1942. Doutra parte, na introdución ao libro *Fraga, retrato de un fascista* (2001), Gustavo Luca menciona outra asistencia de Torrente a un congreso de escritores alemáns, en concreto ao de 1944 en Berlín. Nembargantes, segundo os datos que manexo, o de 1943 foi o derradeiro encontro de escritores promovido pola ESV, e tivo lugar de novo en Weimar. X.L. Méndez Ferrín, baixo o heterónimo de Dosinda Areses, adiantara nunha columna publicada en xullo de 1981 na *Hoja del Lunes* de Vigo que Torrente representou a España no Congreso de Escritores nazis celebrado en Berlín (non indica data), onde tería coincidido co noruegués Knut Hamsun, coñecido entre outros motivos por agasallar a Goebbels en 1943 coa medalla do Premio Nobel que gañara en 1920. Naquel momento Noruega levaba tres anos ocupada polo exército nazi (*Prosas completas*, Dosinda Areses, Vigo, Xerais, 1998, p. 53).

os homes de letras debían prestar ao Estado en tempo de guerra¹⁹. Froito probábel disto foi unha publicación de Torrente en lingua alemá da que se fará mención nas vindeiras páxinas.

A Europäische Schriftsteller-Vereinigung (ESV) fundárase formalmente en outubro de 1941 en Weimar, auspiciada por Goebbels e dirixida de raíz contra o PEN Club internacional pero abeirada ás estruturas académicas duns encontros de outono que comezaran a súa xeira anos antes coas convocatorias do Departamento de Literatura do Ministerio de Propaganda. De aí que a ESV fose coñecida tamén polos seus contrarios como Asociación de Escritores Fascistas. En realidade, na asociación participaron non só escritores favorábeis ao nazismo e ao fascismo en xeral, procedentes ou non de Alemaña²⁰, colaboracionistas coa ocupación dos seus respectivos países ou non, antisemitas ou non, senón tamén autores ideoloxicamente menos marcados, nacionalistas e antimarxistas en todo caso, provenientes dun número considerábel de países europeos, trece aparte de Alemaña: Italia, Francia, Suíza, Bélxica, Holanda, Croacia, Bulgaria, Hungría, Rumanía, Eslovaquia, Dinamarca, Noruega, Finlandia e España (Speliers 1997; Hausmann 2004). Consta que Ernesto Giménez Caballero e Luis Felipe Vivanco asistiron á reunión de 1941, convocada baixo o lema *A literatura da Europa do mañá*, na que tamén participaron algúns dos nomes maiores do colaboracionismo francés, Pierre Drieu La Rochelle, Robert Brasillach²¹, Ramon Fernandez ou Abel Bonard entre outros.

Os paradoxos mencionados antes deste excursus necesario teñen que ver co trato deparado polo falanxista Torrente ao exilio republicano, pero quizais antes que con iso afectan ao xuízo que lle merecía o estado das letras en España iniciada a estabilización do novo Estado, cando “la paz nos trajo el desengaño” (Torrente Ballester 1942: 12). En termos estéticos, á altura do final da Guerra Civil, Torrente comezara a

¹⁹ As relacións culturais bilaterais estaban naquel momento coordinadas tamén por Serrano e por Goebbels pero a través da Asociación Hispano-Germana, constituída en agosto de 1941 e presidida en Madrid polo xeneral Moscardó. Membros do Grupo de Burgos, como Laín e Tovar, integráronse na Asociación. Non me consta que Torrente o fixese.

²⁰ Os procedementos postos en práctica por Goebbels para o control da asociación e o fomento da hexemonía cultural alemá en Europa estiveron en liña coa estratexia habitual noutros eidos por el controlados como propagandista. Situou na dirección formal da ESV a Hans Carossa, un médico e novelista próximo no seu momento a Rilke que nunca militou no Partido Nazi e que incluso chegaría a ser condenado a morte polo réxime en 1945, acusado como tantos outros intelectuais de derrotismo (a pena non chegou a executarse). Por outra banda, na conexión da ESV con grupos de escritores filofascistas, anticomunistas e reaccionarios europeos xogou un papel relevante a distribución de partidas económicas, honras ou premios e o compromiso de tradución ao alemán e de distribución e comercialización na Europa ocupada da obra dos autores afectos á planificación cultural nazi. Isto último queda demostrado de forma palmaria nas páxinas antes mencionadas do libro de memorias de Giménez Caballero. A ESV promoveu ademais a revista *Europäische Literatur* desde maio de 1942, peculiar voceiro dun comparatismo posto ao servizo do panxermanismo e doutros horizontes estético-políticos connaturais ao nazismo (Lubrich 2006).

²¹ Nil Santiáñez (2006) analizou certos paralelismos entre novelas de autoformación destes dous últimos escritores (en concreto, Gilles e *Les Sept couleurs*, ambas de 1939) e Javier Mariño. *Historia de una conversión*, a novela que Torrente publicou en 1943. Ao grupo incorpora tamén a obra *Leoncio Pancorbo* (1942), de José María Alfaro, e sinala un precedente delas na novela de Ramiro Ledesma Ramos *El sello de la muerte*, de 1924.

desmarcarse da estética fascista desenvolvida por Giménez Caballero en *Arte y Estado*²² e do sistema de referencias consolidado pola correlación dos conceptos *revelación, servizo, finalidade trascendente, propaganda e xerarquía* e pola igualación do relixioso co nacional (Wahnón 1998: 17-69; Selva Roca de Togores, en Giménez Caballero 1935 2009: 11-71). Pode ser —pero isto é só unha conxectura— que comezase a sentir distancia tamén respecto ao texto programático “Razón y ser de la dramática futura”, por el publicado en *Jerarquía* en 1937 e compilado en *Siete ensayos y una farsa* xa con reticencias (1942: 11), para nunca máis voltar ao prelo. Como nalgún parágrafo reconece o propio Torrente (1942: 34), nesa especie de poética teatral, na que tantas veces botou man de Aristóteles para xustificar un sentido catártico e relixioso do teatro novo que aspiraba a fundamentar con moi pesado e grandilocuente lastre escolástico e tendencia á ucronía histórica, desenvolveu presupostos estéticos xerais formulados por Giménez Caballero para toda forma artístico-literaria, se ben con aplicación estrita á arte da escena. O teatro novo, lese naquelas páxinas entulladas e inconsistentes, tiña que encamiñarse a ser “la Liturgia del Imperio” (1942: 35).

Cabo do desengano da paz, Torrente percibía unha realidade incontestábel. O mellor da literatura española na República marchara ao exilio ou morrera. Nos primeiros días de 1938 publicou en diversos medios de Falange un artigo titulado “Invitación al silencio”, no que constataba o nivel ao que caera a prosa xornalística e a literatura, en especial cando intentaba formularse con algún sentido épico sobre a marcha da guerra. Pouco tempo despois, incidiu nun dos asuntos que sempre o preocuparon: o progresivo distanciamento cultural e literario entre a España *nacional* e as repúblicas latinoamericanas (*apud* Gómez-Elegido Centeno 2009: 67-70). Neste marco sería aínda máis significativo, mesmo polas súas consecuencias (Reigosa 1983: 95), un artigo publicado no semanario falanxista *Tajo* en agosto de 1940, “Presencia en América de la España fugitiva”. Unha consecuencia sorprendente foi que Juan Larrea decidiu reproducilo íntegro no número 7 de *España Peregrina* só dúas semanas despois de aparecer na revista madrileña e apenas cunha breve nota introdutoria e contextualizadora na que el mesmo e a redacción da revista mexicana se congratulan polo que representaba a análise torrentina²³. Con certeza, Torrente foi neste artigo máis alá do que o programa de *Escorial* estaba a delimitar. En primeiro lugar, polo recoñecemento en bloque do exilio como realidade existente e digna (até o punto de usar varias veces o sintagma posto en circulación por Larrea de “España peregrina²⁴”), transcendendo así o rescate individual que antes se mencionou de determinados nomes a partir do de Machado. En segundo lugar, por sinalar fóra o que non florecía dentro: unha intelixencia “más sensible y despierta por el dolor” (29), que contrastaba coa

²² Non así do autor, a quen seguiu valorando como intelectual e como dinamizador cultural. En *Literatura española contemporánea* (1949: 386) localízase o seguinte xuízo: “*Arte y Estado*, otro de sus libros grandes, responde también a formas de pensamiento y de vida rebasadas por la historia: apenas tiene otro valor que el documental”. Sobre a produción didáctica de Giménez Caballero como historiador literario apunta Torrente: “Vuelto a puntos de vista más sosegados y, sobre todo, con mayor garantía de permanencia, G.C. ha escrito los libros de texto para el estudio secundario de la Lengua y de la Literatura españolas más importantes y de mayor valor técnico y pedagógico de lo que va de siglo” (*ibid.*).

²³ A nota introdutoria apareceu sen sinatura, malia o cal hai datos que confirman que a redactou Larrea.

²⁴ Non no título do artigo, como equivocadamente lembraba Torrente en 1983 conversando con Reigosa (95), pero si no corpo do mesmo.

realidade cultural interior, descrita con severidade polo xornalista no parágrafo final da columna: “*Culturalmente, los españoles de por acá estamos desarmados*. Reina entre nosotros la confusión, y pasan por soberbios valores, gentes que hace mucho tiempo están muertas y enterradas y son el hazmerreír de los sensatos, dentro y fuera de las fronteras” (30; cursivas no orixinal). En terceiro termo, por calibrar a vantaxe que no diálogo cultural con América Latina levaban os intelectuais exiliados sobre os que convivían co novo Estado franquista. Torrente expresaba isto último con innegábeis marcas de discurso imperialista, pero á vez deixaba claro o recoñecemento da realidade e do taboleiro da partida real de influencias que se estaba a xogar:

De nosotros, los pueblos americanos están separados por un mar inmenso, que aún tiene importancia. Ellos, con el vigor que les da su situación desesperada, se entregan ya a la tarea creadora, derramando su obra intelectual por todos los pueblos de nuestra habla. Nosotros durmiendo en los laureles, sólo despertamos para pequeños tiquismiquis literarios. La labor de la España peregrina puede ser, hay que proclamarlo crudamente, muy apreciable. La nuestra, hasta ahora, casi nula. ¿A cuál de las dos Españas seguirán los mozos estudiosos del otro lado del Atlántico? (30)

Con probabilidade, o primeiro estudo historiográfico-literario en sentido pleno publicado por Gonzalo Torrente Ballester foi o que apareceu en setembro do ano 1943 no número 9 da revista *Europäische Literatur*, órgano segundo xa se dixo da *Europäische Schriftsteller-Vereinigung*. Trátase dun breve artigo²⁵, de só catro páxinas (2-6), no que malia a amplitude referencial á contemporaneidade comprometida polo título —“*Die zeitgenössische Spanische Literatur*”— o autor incorporou só autores pertencentes ás tres xeracións de escritores falanxistas en activo: a presentada como *a dos decanos* (Rafael Sánchez Mazas, Eugenio d’Ors, Ernesto Giménez Caballero, Luis Santamaría, José María Alfaro, Juan Antonio de Zunzunegui e Agustín de Foxá), a identificada como *segunda xeración falanxista* (Dionisio Ridruejo, Luis Felipe Vivanco, Leopoldo Panero, Luis Rosales, Pedro Laín Entralgo, Javier Conde e Enrique Gómez Arboleya) e, en fin, *a dos voluntarios*, na que Torrente menciona unicamente a Emiliano Aguado (Hausmann 2004: 225). Seis anos despois, en 1949, saía xa a súa *Literatura española contemporánea*. Torrente mantiña a marca do título empregada en *Europäische Literatur* pero evidentemente modificaba de xeito claro e definitivo a súa comprensión do obxecto de estudo como historiador da contemporaneidade.

Para o autor, *Literatura española contemporánea* non resultou un libro particularmente gratificante. Aos tres efectos principais que nalgún momento sinalara Torrente —“irritar a moita xente, non satisfacer a ninguén e encaselarme inmediatamente entre os críticos” (Reigosa 1983: 223)— engadía na conversa con xornalista Reigosa, non sen ironía, un cuarto efecto, contemplado todo na distancia do moito tempo transcorrido: a súa utilidade para a preparación de oposicións a cátedras de literatura. Unha mostra da recepción do libro, dentro e fóra, obtense contrastando a recensión de Gaspar Gómez de la Serna (1950) en *Clavileño*, respectuosa pero distante ao observar o carácter desigual dos distintos capítulos do libro e ao discrepar no referido á estrutura xeral, e a correspondencia cruzada entre os dous grandes poetas-profesores do 27 exiliado, datada nos últimos días de maio do mesmo ano 1950 (Salinas e Guillén 1992: 526-531) e marcada pola agrura e por unha descualificación sen

²⁵ Non puider chegar a consultalo. Os datos tómanse de Hausmann (2004).

reservas por parte de ambos²⁶. Xusto unha das singularidades do Torrente historiador na inicial percepción de Gómez de la Serna —o seu carácter *sincero* na opinión e tamén na decisión sobre as incorporacións ou omisións de nomes e obras— sería o trazo que permaneceu como definatorio da proposta historiográfica, xulgada por un sector de expertos como excesivamente crítica (con outro termo, *subxectiva*), no sentido de conceder marxes amplas de máis ao criterio e aos gustos persoais do historiador²⁷ e desatender en consecuencia a dimensión máis cronolóxico-descriptiva dos procesos habidos. En todo caso, segundo anotou Candelas Colodrón (en Becerra e Guyard 2008: 159-174), e quizais isto teña algo que ver coa irritación de Guillén e de Salinas, o historiador non procedeu con método único no labor asumido. En realidade, tratou a poesía e aos poetas dun xeito visiblemente diferente ao aplicado nos seus xuízos críticos sobre narradores, dramaturgos ou ensaístas, moito máis matizados estes últimos, non tan mecánicos como os aplicados no terreo da poesía; talvez, pero non pasa de ser de novo unha conxectura, co propósito de contrapesar os esquemas postulados por Ángel Valbuena Prat na súa *Historia de la literatura española*, da que saíra unha segunda edición en 1946, nove anos despois da orixinal, de tanta influencia naqueles anos.

Literatura española contemporánea procedía na súa maior parte, segundo matiza Torrente, duns cursos para estranxeiros impartidos na universidade compostelá o mesmo ano no que o volume viu a luz. Apareceu cun “Prólogo” nada extenso (11-15) no que as ideas fundamentais expostas concretáanse do seguinte modo: i) cuestionamento da cientificidade dos Estudos literarios, ii) autoadscripción do estudo propio ao campo do ensaio e non ao da ciencia, iii) recoñecemento do interese da multiplicación de perspectivas e metodoloxías nese campo, entre a estilística, a socioloxía literaria ou a psicocrítica, iv) refutación de todo método que faga abstracción da entidade autorial e v) fixación do ideal da Historia literaria, un tanto orteguianamente, na consecución da “reconstrucción del proceso vivo del cual sale la

²⁶ Salinas, por exemplo, fala de “mezcla de insolencia e ignorancia”. E engade o seguinte: “Mi poesía le irrita, la tuya le defrauda, y a Federico, a Alberti, a todo viviente, lo trata con necias impertinencias. Le cuadra el adjetivo que aquí se usa tanto de *sophomoric*, pero con un cierto tinte de majeza grosera falangista. Hasta se le sube a las barbas al Idem, pero no por lo que podía sino por razones tan peregrinas como que faltan en su obra *esos seis o siete poemas* que determinan la grandeza de un poeta. El que sale mejor librado, no porque hable bien de él sino porque no habla tan mal, es Gerardo. Lástima no poder hacer una reseña del libro, como le dan a uno ganas; es decir a puntapiés, bien dirigidos. No sé quién es ese bergante, ni de dónde ha salido” (529, cursivas no orixinal). Fernando Larraz (2009: 81-100) afirma que Torrente “quintaesenció el uso consciente de los silencios a fin de vedar la entrada en la historia literaria a los autores comprometidos con la causa republicana” (85). No capítulo do volume de 1961 *El nuevo Estado español*, antes mencionado, Torrente concede o protagonismo da xeración do 27 a Gerardo Diego, Dámaso Alonso e Vicente Aleixandre. Menciona a Guillén só porque non saíu de inmediato do país cara ao exilio e a Altolaguirre porque “viene a morir a España” (Torrente Ballester 1961: 782). Non cita nin a Cernuda nin a Salinas, tampouco a Alberti nin a Prados ou García Lorca. Limitáase a recoñecer, isto si, a *gran calidade* da produción do 27 exiliado.

²⁷ Martín Ezpeleta (2008: 49) entende que existe unha certa proximidade entre os operativos metodolóxicos de Torrente e os de Giménez Caballero en *Lengua y Literatura de España* (1940), obra que como xa se indicou admiraba sen reservas o autor ferrolán en relación co ámbito para o que fora pensada, o do ensino secundario. No limiar mencionado ao libro de Gerald Brenan, Torrente deixou escrito o seguinte: “la manera natural de acercarse a la obra de arte, la que está más en consonancia con su naturaleza, será la crítica, y precisamente aquella de la que se deriven juicios de valor” (Torrente Ballester 1984: 8).

obra” (13). Pero sen dúbida o máis singular da aposta de Torrente desde o punto de vista da concepción xeral como historiador literario foi a incorporación dos dous primeiros capítulos. O primeiro (17-30) está dedicado á investigación das peculiaridades sociolóxicas da literatura española e europea en xeral, con análises referidas ao casticismo, ao europeísmo, ao papel da burguesía e o seu correlato moral no tratamento artístico-literario e, en fin, á reacción antiburguesa posterior. O segundo capítulo (31-85) é un longo tratado de xorne comparatista sobre cuestións de periodoloxía literaria a partir do Romanticismo. O que máis chama a atención nel é o horizonte europeo da proposta de Torrente e a lectura diverxente que resolve do século XIX francés e inglés. O historiador toma partido evidente polas letras inglesas e describe unha serie de relacións interliterarias entre o curso propio da literatura española e esas outras dúas series nacionais, con referencia ademais á literatura alemá e con maior concisión tamén ás letras escandinavas, rusas e italianas. Torrente amosa aquí con claridade as tendencias propias como lector, a súa educación sentimental, pero tamén declara a insensatez de todo intento de autocracia cultural e denuncia a redución de miras literarias ao inmediato, ao nacional.

A edición de Guadarrama en 1956 presenta importantes modificacións. A primeira é a do título, que pasou a ser *Panorama de la literatura española contemporánea* por figurar nunha colección rotulada xenericamente “Panoramas”, na que a totalidade dos volumes utilizaban esa palabra como encabezamento (*Panorama de la literatura francesa actual*, *Panorama de las ideas contemporáneas*, etc.). Pero ademais, nun groso volume de 815 páxinas, incorporábanse unha segunda e unha terceira partes. Aquela cunha antoloxía de textos entre as autorías de Juan Valera e José María Valverde; esta cunha serie de documentos sobre a vida literaria española, aberta con “En este país” de Larra. Torrente prescindiu para esta ocasión de boa parte dos materiais que encabezaran o libro orixinal e antes de entrar no capítulo dedicado aos escritores da Restauración abriu cunha panorámica titulada “Realismo positivista y naturalismo”. De modo que ampliaba notoriamente o marco cronolóxico atendido, que tamén medraba cara adiante, até a actualidade daquel momento. Non prescindiu nesta ocasión das referencias comparatistas pero tampouco as destacou como na fórmula primeira. Ademais, procedeu a cambiar o limiar, titulando “Carta-prólogo a un escritor español” (11-14). Este conformaba de entrada unha aclaración sobre os cambios introducidos: mantíñanse dous terzos do libro na súa formulación inicial pero só nas liñas arquitectónicas do mesmo, porque ademais diso o autor procedía, atento ás críticas recibidas, a modificar os matices, as valoracións, os datos..., en especial para tratar con maior detalle a obra dos exiliados. Iso recoñecía Torrente, que declaraba outra apertura máis a fin de que o espazo do ensaio e dos estudos humanísticos en xeral atopase outra amplitude na panorámica. Pero ao que dedicaba maior espazo o limiar foi a expoñer as dificultades de tratar o tempo inmediato e de operar con xustiza na valoración crítica da actualidade. A isto e a razoar as complexidades producidas no eido da valoración crítica polo que se describía, de novo falazmente, como mistura inconveniente do político e do literario desde o inicio da Guerra Civil.

A segunda edición do libro, cinco anos despois, presentou outravolta novidades. Saíu en dous volumes e por vez primeira sen limiar, quizais por ser de menor entidade as modificacións introducidas, que, en calquera caso, afectaban á ampliación do tempo atendido para seguir mantendo a converxencia co presente do historiador. O segundo volume dedicouse fundamentalmente ás antoloxías, diversificadas por arquixéneros:

prosa didáctica, prosa narrativa e poesía. Ademais, sumábase unha “Bibliografía” (913-1078) asinada por Jorge Campos. Coa terceira edición, de 1965, Torrente volvía a un volume único, neste caso de 714 páxinas, no que desapareceu a parte antolóxica e permaneceu en cambio a bibliográfica.

Dito o anterior, a pregunta fundamental que importa formular e á que haberá de darse resposta nun traballo posterior a este é a de se hai algo digno de especial mención no contributo de Torrente á historiografía literaria da posguerra española e tamén en que xeito todo o proceso ideolóxico que aquí se veu detallando acabou ou non converxendo na súa proposta como historiador literario. Noutros termos: que quedaba en 1949 no historiador literario debutante de quen colaborara coa Comisión Depuradora de Bibliotecas Públicas?; que do neocomparatista que en Weimar puido contribuír —non o sabemos con exactitude— ao trazado dunha cartografía literaria nova a carón de moi significados escritores fascistas, utilizados polo ministro de Propaganda do Terceiro Reich para fundamentar unha literatura acorde coa Nova Orde europea?; en que medida a naturalización de certas xerarquías estéticas e a violencia simbólica ás que Torrente servira en escritos e actos aos que aquí se fixo mención suficiente persistía en 1949 a propósito da Historia literaria, en concreto do seu programa para esta disciplina aplicada á literatura española? E non só isto. Na perspectiva aquí primada, será preciso concretar a clase de diálogo establecido polo Torrente historiador da literatura coa serie historiográfico-literaria activa nos anos da guerra e da primeira posguerra. Por tanto, con obras como o *Diccionario de literatura española* (1949) de Julián Marías e Germán Bleiberg ou coas *Historias literarias* de Valbuena Prat (1937-1946), José Manuel Blecua (1943), Nicolás González Ruiz (1943) e outras, incluídas reedicións como a da *Historia de literatura española* (1921) de Juan Hurtado e Ángel González Palencia, da que se alcanzaban seis edicións no ano en que Torrente publicou o seu libro (Romero Tobar 1999; Larraz 2009: 81-100). Por último, resulta necesario así mesmo, e non de forma marxinal, analizar a presenza da literatura dos perdedores da guerra, da obra anterior ao ano 1936 dos exiliados e dos asasinados polo fascismo, tendo en conta que na proposta historiográfica que Torrente deu ao prelo en 1949 a Guerra Civil se configurou como límite cronolóxico, pero tamén que ese límite avanzou despois co momento da escrita actualizada, algo ao que o historiador non renunciou probabelmente, máis unha vez, porque antes que historiador foi e quixo ser crítico.

Bibliografía

- Alonso de los Ríos, César (2007). “La fuga de Gonzalo Torrente Ballester”. En *Yo tenía un camarada. El pasado franquista de los maestros de la izquierda*. Barcelona: Áltera, 151-167.
- Becerra, Carmen (1990). *Guardo la voz, cedo la palabra. Conversaciones con Gonzalo Torrente Ballester*. Barcelona: Anthropos.
- Becerra, Carmen (2003). “La Princesa Durmiente ante la Historia”. *Hesperia. Anuario de Filología Hispánica*: VI, 43-55.
- Becerra, Carmen, e Emilie Guyard (eds.) (2008). *Los juegos de la identidad movediça en la obra de Gonzalo Torrente Ballester*. Vigo: Editorial Academia del Hispanismo.

- Bowen, Wayne H. (2000). *Spaniards and Nazi Germany. Collaboration in the New Order*. Columbia e Londres: University of Missouri Press.
- Campos Cacho, Sergio (2009). “Gonzalo Torrente Ballester y su compromiso con la realidad”. *Orbis Tertius*: 5. Cito por copia en pdf previa á edición e numerada pp. 1-13.
- Gil González, Antonio J. (ed.) (2008). *Los otros Torrente Ballester*. Monográfico de *La Tabla Redonda*: 6.
- Giménez Caballero, Ernesto (1979). *Memorias de un dictador*. Barcelona: Planeta.
- Giménez Caballero, Ernesto (2009). *Arte y Estado*. Edición, introdución e notas de Enrique Selva Roca de Tогores. Madrid: Biblioteca Nueva. Edición orixinal de 1935.
- Gómez-Elegido Centeno, Ana Mª (2009). *Gonzalo Torrente Ballester y su escritura en los periódicos. De letras, de vida, de historias*. Madrid: Fragua.
- Gómez de la Serna, Gaspar (1950). “Gonzalo Torrente Ballester: Literatura española contemporánea”. *Clavileño*: 1, 77-78.
- Gracia, Jordi (1996). *Estado y cultura. El despertar de una conciencia crítica bajo el franquismo (1940-1962)*. Toulouse: Presses Universitaires du Mirail.
- Gracia, Jordi (2004). *La resistencia silenciosa. Fascismo y cultura en España*. Barcelona: Anagrama.
- Hausmann, Frank-Rutger (2004). “*Dichte, Dichter, tage nicht!*” *Die Europäische Schriftsteller-Vereinigung in Weimar 1941-1948*. Fráncfort: Vittorio Klostermann.
- Juliá, Santos (2004). *Historias de las dos Españas*. Madrid: Taurus.
- Larraz, Fernando (2009). *El monopolio de la palabra. El exilio intelectual en la España franquista*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Lubrich, Oliver (2006). “Comparative Literature —in, from and beyond Germany”. *Comparative Critical Studies*: 3 (1-2), 47-67.
- Mainer, José-Carlos (ed.) (1971). *Falange y literatura*. Barcelona: Labor.
- Martín Ezpeleta, Antonio (2008). *Las Historias literarias de los escritores de la generación del 27*. Madrid: Arco.
- Pérez Bowie, José Antonio (2006). *Poética teatral de Gonzalo Torrente Ballester*. Vigo: Mirabel.
- Redondo Abal, Francisco Xavier (2009). *O fulgor e as tebras. As bibliotecas na Galiza da II República e a súa destrución durante a Guerra Civil*. Ames: Laiovento.
- Reigosa, Carlos G. (1983). *Conversas de Gonzalo Torrente Ballester con Carlos G. Reigosa*. Santiago de Compostela: Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos.
- Rodríguez Puértolas, Julio (2008). *Historia de la literatura fascista española*. 2ª ed. Tres Cantos: Akal, 2 vols. Primeira edición de 1985.
- Romero Tobar, Leonardo (1999). “Entre 1898 y 1998: la historiografía de la literatura española”. *Rilke*: 15 (1), 27-49.
- Salinas, Pedro, e Jorge Guillén (1992). *Correspondencia (1923-1951)*. Edición, introdución e notas de Andrés Soria Olmedo. Barcelona: Tusquets.
- Santiáñez, Nil (2006). “La retórica fascista de Javier Mariño: mito, escritura autobiográfica y novela de aprendizaje”. *La Tabla Redonda*: 4, 91-117.
- Sevilla, Sergio (2000). *Crítica, historia y política*. Valencia: Cátedra e Universitat de València.
- Speliers, Hedwig (1997). “Le miracle de Weimar”. En Paul Aron et al. (eds.), *Leurs occupations. L'impact de la Seconde Guerre mondiale sur la littérature en Belgique*, Bruxelas: Textyles, 157-170.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1937). “Razón y ser de la dramática futura”. *Jerarquía*: 2, 61-84. Cítase por Torrente Ballester (1942: 23-38).

- Torrente Ballester, Gonzalo (1940). "Presencia en América de la España fugitiva". *Tajo*: 10, 5. Cítase pola reprodución, precedida de presentación anónima, "Confesión de parte. Falange y España peregrina", en *España Peregrina*: 7 (1940), 29-30.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1942). *Siete ensayos y una farsa*. Madrid: Ediciones Escorial.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1949). *Literatura española contemporánea (1898-1936)*. Madrid: Afrodisio Aguado.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1956). *Panorama de la literatura española contemporánea*. Madrid: Guadarrama. 2ª ed., 1961, 2 vols., cunha "Bibliografía" de Jorge Campos, vol. II, 913-1078. Vol. I: *Primera Parte. Estudio histórico y crítico*. Vol. II: *Antologías*. 3ª ed., 1965, prescinde do vol. II e mantén a "Bibliografía" de Jorge Campos (561-695).
- Torrente Ballester, Gonzalo (1957). *Teatro español contemporáneo*. Madrid: Guadarrama. Cítase pola 2ª ed., de 1968.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1961). "La literatura española". En VV.AA., *El nuevo Estado español. Veinticinco años de Movimiento Nacional*. Madrid: Instituto de Estudios Políticos, 773-791.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1978). "Prólogo" a Fernando Sánchez Dragó, *Gárgoris y Habidis. Una historia mágica de España*. Madrid: Libros Hiperión - Ediciones Peralta, vol. I: *Los orígenes*, 7-16.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1982). *Ensayos críticos*. Barcelona: Destino.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1984). "Prólogo" a Gerald Brenan, *Historia de la literatura española*. Barcelona: Crítica, 7-15.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1984b). *El Quijote como juego y otros ensayos críticos*. Barcelona: Destino.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1984c). *Los cuadernos de un vate vago*. Barcelona: Plaza & Janés.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1986). "Currículum en cierto modo". *Anthropos*: 66-67, 22-28. Extraordinario 9: *G. Torrente Ballester Premio Cervantes 1985*.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1992). *Torre del aire*. A Coruña: Diputación de A Coruña. Edición e limiar de César Antonio Molina.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1997). *Memoria de un inconformista*. Madrid: Alianza Editorial e Diputación de A Coruña. Edición e limiar de César Antonio Molina.
- Wahnón, Sultana (1998). *La estética literaria de la posguerra. Del fascismo a la vanguardia*. Ámsterdam: Rodopi.